

BASES DO XXIII CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL. 2025

- 1.- Poderán participar todo o alumnado do CEIP Castrodouro de Alfoz.
- 2.- Establécense tres categorías que se corresponden cos niveis educativos existentes:
 - Educación Infantil
 - 1º grupo de Primaria (1º-2º-3º curso)
 - 2º grupo de Primaria (4º-5º-6º curso)
- 3.- As postais estarán relacionadas con motivos do Nadal. Quedarán excluídos os traballos cuxo contido poida causar rexeitamento social (racista, sexista, xenófobo, etc) ou sexan ilegais.
- 4.-A participación deberá ser individual, de xeito que non se aceptarán postais de grupo ou colectivas.
- 5.-Cada participante só poderá presentar 1 postal.
- 6.-As obras serán, necesariamente, orixinais e inéditas.
- 7.- A técnica a empregar será libre, sempre e cando non teña elementos que sobresaian.
- 8.- As postais realizaranse sobre cartolina de tamaño DIN A5 (a metade dun folio).
- 9.- Haberá tres premios por cada categoría, ou os que o xurado considere oportunos, e ademais as tres postais gañadoras do 1º premio serán reproducidas como calendario do concello para 2026.
- 10.- O Xurado poderá deixar deserto calquera dos premios se así o considera oportuno.
- 11.-Cada traballo deberá ir acompañado da ficha de inscrición debidamente cumprimentada.
- 12.- O prazo de presentación das postais rematará o 3 de decembro de 2025, debendo ser entregadas no CEIP Castrodouro de Alfoz ao seu titor/a.
- 13.-O fallo do xurado darase a coñecer nos días posteriores, así como a data de entrega de premios.
- 14.- Os traballos presentados serán propiedade exclusiva do Concello, podendo ser reproducidos e facer deles o uso publicitario que estime convinte, coa mención do seu autor.
- 15.- A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

**ACTIVIDADE INCLUÍDA NO PLAN ÚNICO 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.
ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE ALFOZ.
ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL 2025**